

I FORO RIO MINHO TRANSFRONTEIRIZO – VALENÇA 21/06/2018

CONCLUSIÓNS MESA 1 “SECTORES PRODUCTIVOS”

MESA 1: SECTORES PRODUCTIVOS

RELATORES: FRANCISCO CARBALLO CRUZ - XAVIER MARTÍNEZ COBAS

○ **Obxectivos da mesa:**

1. Tratar os problemas relacionados coa competencia
2. Debatir sobre as limitacións relativas ás zonas industriais

○ **Temas tratados:**

- A necesidade de inclusión das persoas con discapacidade nas políticas públicas transfronteirizas, principalmente en materia de emprego
- Relación entre a Estratexia do río Minho Transfronteirizo e as estratexias a nivel mundial e encadramento da Estratexia na crise económica e a súa relación coa economía, a sociedade e o ambiente
- Reflexionouse sobre o novo paradigma centrado no desenvolvemento fronte ao crecemento económico
- A fronteira como limitante importante para o desenvolvemento do territorio do río Minho
- O crecemento das zonas urbanas anexas ao Minho (Porto, Vigo, etc.) como elemento positivo, mais dunha forma claramente pouco sustentable
- Complementariedades existentes no territorio:
 - a. Agricultura: pouca complementariedade. Destaca algunha no caso da madeira e moi pouca nun sector, a priori favorable, como é o vinícola
 - b. Industria: son moi positivas no automóvil e no textil. Tamén algo no sector naval
- Substitucións existentes no territorio: cada parte do río Minho busca os seus intereses
 - a. No propio río é onde máis se notan as diferenzas dentro do territorio
 - b. O crecemento e o desenvolvemento da cada territorio é independente no seu lado da fronteira
 - c. Fortes impactos que van ter e teñen no territorio as plataformas loxísticas (exemplo, a PLISAN), un dos principais elementos a ter en conta nos próximos anos.
- Diferenzas salariais existentes entre os lados da fronteira, con maiores salarios en Galicia
- Pequeno tamaño das explotacións agrícolas
- Proxectos áncora da Estratexia
 - Sector primario:
 - A limpeza dos montes e a importancia para a prevención de incendios
 - Favorecer e desenvolver proxectos que poñan en uso os terreos abandonados
 - Desenvolver a marca do río Minho, de forma que se relacione o sector primario co turismo

- Sector industrial:
 - Aumentar a superficie de solo utilizable sen afectar o valor ambiental do río
 - Fomentar a homologación de títulos e da inserción laboral transfronteiriza
 - Crear programas para fomentar o retorno de emigrados, principalmente os máis novos
- Existencia de diferenzas fiscais e administrativas entre os territorios do Minho
- Importantes diferenzas no número de concellos e graos de autonomía municipal, en termos comparativos
- As administracións centrais e rexionais non amosan un grande interese aos problemas do territorio do Minho
- Existen problemas administrativos e de gobernanza, marcados pola falta de motivación na parte galega e o centralismo forte na parte portuguesa. Relevancia da cooperación, da necesidade de simplificación administrativa en España, de forma que se tome a Portugal coma exemplo
- Existencia de estratexias anteriores ou en execución con moitas sinerxias co proxecto Smart Minho
- Mellorar a calidade de vida do rural mediante os elementos compartidos e a responsabilidade social
- A PSA como a gran empresa do territorio
- Tendencia a que as empresas prefiran Portugal para localizarse polo atractivo da lexislación laboral, principalmente
- Reflexións sobre Interreg e a relevancia de desenvolver programas de diferente tipo para facer voltar a persoas emigradas, xa que comeza a non haber mao de obra no territorio